

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0225	Redes locais	2023/2024	7	213	255

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ LUIS VIDAL LUACES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A estrutura empresarial do contorno produtivo está formada fundamentalmente por pequenas e medianas empresas do sector servizos e, no tocante ao sector industrial, o sector predominante e o naval encabezado polos asteleiros da ría e seguido en segundo e terceiro nivel na cadea de aprovisionamento polas empresas auxiliares do sector. En todas estas empresas as funcións predominantes relacionadas co ámbito da informática e as comunicacións céntranse en funcións de soporte e mantemento da infraestrutura informática e no desenvolvemento de aplicacións (tradicional ou en modo web) de pequeno ou mediano tamaño principalmente para uso interno, polo que o currículo adaptárase ás necesidades deste tipo de empresas.

Prevención de violencia de xénero, e de calquera outra forma de violencia, racismo ou xenofobia.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Caracterización de redes locais	Preséntase unha visión xeral das redes. Análizanse as distintas topoloxías de rede, modelos de referencia, terminoloxía básica a empregar...	16	6
2	Protocolo empregados en Redes de Area Local	Estudiase o protocolo Ethernet e a arquitectura TCP/IP: enderezos, clases....	39	16
3	Medios de Transmisión e cableado estruturado	Tipos de cableado, construción cables, cableado estruturado.....	30	11
4	Configuración de adaptadores de rede	Configuración dos adaptadores de rede nos principais S. O.	38	15
5	Equipos de Interconexión	Configuración dos dispositivos de interconexión de rede.	50	21
6	Despregamento de redes locais sen fíos	Instalación e configuración de redes locais sen fíos.	34	13
7	Resolución de incidencias dunha rede de área local	Para o mantemento dunha rede, comprobaranse as recomendacións de fábrica do hardware e do software, e establecerase a relación entre as disfuncións e as súas causas.	30	11
8	Cumprimento das normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.	Estúdanse as normas de prevencios de riscos laborais e de protección ambiental, e identificaranse en exemplos de redes.	18	7

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Caracterización de redes locais	16

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a estrutura de redes locais con cables atendendo ás características de contornos de aplicación e á funcionalidade dos seus compoñentes.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbíronse os principios de funcionamento das redes locais.
CA1.2 Identifícaronse os tipos de redes con cables.
CA1.3 Descríbíronse os elementos de diversas redes locais e a súa función.
CA1.7 Recoñecéronse as topoloxías de rede.
CA1.8 Identifícaronse estruturas alternativas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Características: vantaxes e inconvenientes.
Tipos.
Elementos de rede.
Topoloxía.
Arquitecturas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Protocolo empregados en Redes de Area Local	39

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Prepara os equipamentos da rede local configurando os protocolos axeitados.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.2 Identifícaronse os protocolos.
CA4.6 Identifícaronse os principais protocolos do modelo TCP/IP e o seu funcionamento
CA4.7 Identifícaronse os principais estándares dos subniveis físico e de enlace de Ethernet
CA4.8 Manexouse direccionamiento IP con máscaras fixas e variables

4.2.e) Contidos

Contidos
Protocolos.
TCP/IP: estrutura. Clases de IP.
Enderezos IP. IPv4. IPv6.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Medios de Transmisión e cableado estruturado	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica a estrutura de redes locais con cables atendendo ás características de contornos de aplicación e á funcionalidade dos seus compoñentes.	NO
RA2 - Monta a estrutura de redes locais con cables, para o que identifica e selecciona os seus compoñentes.	SI
RA3 - Interconecta equipamentos en redes locais con cables atendendo aos estándares requiridos.	NO
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental ao identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os prever.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Identifícanse e clasifícanse os medios de transmisión.
CA1.5 Recoñeceuse o mapa físico da rede local.
CA1.6 Utilizáronse aplicacións para representar o mapa físico da rede local.
CA1.6.1 Iniciouse o contacto coas aplicacións para a representación do mapa físico da rede.
CA1.6.2 Manexáronse as aplicacións para a representación do mapa físico da rede local reflectindo o cableado estruturado.
CA2.1 Diferenciáronse os medios de transmisión en redes con cables.
CA2.2 Recoñecéronse os detalles dos cables da instalación e o seu despregamento (categoría dos cables, espazos polos que discorren, soporte para as canalizacións, etc.).
CA2.3 Seleccionáronse e montáronse as canalizacións e os tubos.
CA2.4 Montáronse os armarios de comunicacións e os seus accesorios.
CA2.5 Tendeuse a instalación de cables polas canalizacións.
CA2.6 Montáronse e conectáronse as tomas de usuario e os paneis de parcheamento.
CA2.7 Probáronse as liñas de comunicación entre as tomas de usuario e os paneis de parcheamento.
CA2.8 Etiquetáronse os cables e as tomas de usuario.
CA2.9 Empregáronse as ferramentas axeitadas.
CA3.3 Montáronse conectadores sobre cables de rede (de cobre e de fibra).
CA3.4 Montáronse os equipamentos de conmutación nos armarios de comunicacións.
CA3.5 Conectáronse os equipamentos de conmutación aos paneis de parcheamento segundo a lóxica do plan de instalación.
CA3.6 Conectáronse os equipamentos ás tomas de usuario segundo a lóxica do plan de instalación.

Criterios de avaliación
CA3.7 Verifícase a conectividade da instalación.
CA7.2 Operouse coas ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA7.3 Traballouse coa calidade requirida.
CA7.9 Valórouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Mapa físico e lóxico dunha rede local.
Espazos.
0Recomendacións na instalación de cables.
Cuartos de comunicacións.
Armarios de comunicacións. Paneis de parchemento.
Canalizacións.
Medios de transmisión (par trenzado, fibra óptica, etc.).
Conectores e tomas de rede.
Ferramentas.
Conexión de tomas.
Creación de cables.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Configuración de adaptadores de rede	38

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Interconecta equipamentos en redes locais con cables atendendo aos estándares requiridos.	NO
RA4 - Prepara os equipamentos da rede local configurando os protocolos axeitados.	NO
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental ao identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Interpretouse o plan de montaxe lóxica da rede.
CA3.2 Montáronse os adaptadores de rede nos equipamentos.
CA4.1 Instalouse o software correspondente.
CA4.3 Identificouse o ámbito de rede dos equipamentos.
CA4.4 Empregáronse ferramentas gráficas e de texto para a configuración dos parámetros básicos nos equipamentos.
CA4.5 Verificouse a conectividade lóxica dos equipamentos.
CA7.2 Operouse coas ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA7.3 Traballouse coa calidade requirida.
CA7.9 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Adaptadores para rede con cables.
Procedementos de instalación.
Configuración dos adaptadores de rede en sistemas operativos libres e propietarios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Equipos de Interconexión	50

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Interconecta equipamentos en redes locais con cables atendendo aos estándares requiridos.	NO
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental ao identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Configuráronse parámetros básicos dos conmutadores.
CA3.9 Creáronse e configuráronse as redes virtuais de área local (VLAN).
CA7.2 Operouse coas ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA7.3 Traballouse coa calidade requirida.
CA7.9 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Dispositivos de interconexión de redes.
Configuración básica dos dispositivos de interconexión de rede con cables.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Despregamento de redes locais sen fíos	34

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Monta a estrutura de redes locais sen fíos, para o que identifica e selecciona os seus compoñentes.	SI
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental ao identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse as características funcionais das redes sen fíos.
CA5.2 Identifícanse os xeitos de funcionamento das redes sen fíos.
CA5.3 Recoñécense os elementos das redes sen fíos.
CA5.4 Identifícanse os protocolos.
CA5.5 Instálense adaptadores e puntos de acceso sen fíos.
CA5.6 Instálense o software correspondente.
CA5.7 Configúranse os xeitos de funcionamento e os parámetros básicos.
CA5.8 Comprobase a conectividade entre dispositivos e adaptadores sen fíos.
CA5.9 Realízanse probas de cobertura.
CA5.10 Aplícanse mecanismos de acceso seguro ás redes sen fíos seguindo especificacións técnicas dadas.
CA7.2 Operouse coas ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA7.3 Traballouse coa calidade requirida.
CA7.9 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Adaptadores para redes sen fíos.
Dispositivos de interconexión de redes sen fíos.
Redes mixtas.
Elementos das redes sen fíos.
Medios de transmisión.

Contidos

Protocolos.

Recomendacións na instalación de redes sen fíos.

Seguridade básica en redes sen fíos.

Configuración básica dos dispositivos de interconexión de redes sen fíos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Resolución de incidencias dunha rede de área local	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Mantén unha rede local, para o que interpreta recomendacións de fábrica do hardware e do software, e establece a relación entre as disfuncións e as súas causas.	SI
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental ao identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse incidencias e comportamentos anómalos.
CA6.2 Monitorizáronse os sinais visuais dos dispositivos de interconexión.
CA6.3 Verificáronse os protocolos de comunicacións.
CA6.4 Empregáronse aplicacións de verificación do funcionamento da rede.
CA6.5 Localizouse a causa da disfunción.
CA6.6 Identificouse a responsabilidade do hardware ou do software na disfunción.
CA6.7 Restituiuse o funcionamento substituíndo equipamentos ou elementos.
CA6.8 Solucionáronse as disfuncións do software mediante a configuración ou a reinstalación.
CA6.9 Elaborouse un informe de incidencias.
CA7.2 Operouse coas ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA7.3 Traballouse coa calidade requirida.
CA7.9 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Estratexias.
Parámetros do rendemento.
Incidencias físicas e incidencias lóxicas en redes locais.
Monitorización de redes con cables e sen eles.
Ferramentas de diagnóstico.
Comandos e programas.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Cumprimento das normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.	18

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental ao identificar os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles, máquinas e medios de transporte.
CA7.2 Operouse coas ferramentas respectando as normas de seguridade.
CA7.3 Traballouse coa calidade requirida.
CA7.4 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, máquinas de corte, etc.
CA7.5 Descríbense os elementos de seguridade das ferramentas e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantemento.
CA7.6 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA7.7 Identifícanse as fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA7.8 Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva.
CA7.9 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.8.e) Contidos

Contidos
Identificación de riscos.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.
Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe.
Equipamentos de protección individual.
Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
Cumprimento da normativa de protección ambiental.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles: Os indicados en cada unha das unidades didácticas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Cada unidade didáctica terá unha cualificación expresada con números enteiros e redondeada á unidade máis próxima enteira entre 1 e 10 despois de utilizar os instrumentos de avaliación e de seguir os criterios de avaliación propios de cada unidade didáctica.

- A cualificación de cada unidade realizarase da seguinte forma:

O 70% da nota corresponderá a media aritmética da proba escrita realizada.

O 30% da nota corresponderá aos traballos realizados asociados a unidade.

- Na proba escrita é necesario ter un mínimo dun 4 para poder facer media cos traballos

- É necesario que se entreguen polo menos a metade dos traballos propostos na aula

- A unidade didáctica estará suspensa se a nota é inferior a 5

- As probas escritas individuais poden constar de resolución de exercicios, resolución de casos prácticos, resolución de problemas, resposta a preguntas ou cuestións ou tests, tratando de facelas coincidir sempre que sexa posible con cada unha das unidades didácticas.

Estas probas escritas constarán de dúas partes: una parte teórica e una parte práctica. Será necesario que o alumno supere unha puntuación mínima en cada unha das partes. Dita puntuación dependerá da unidade e lle será indicada durante a mesma

- A nota de cada avaliación é a media ponderada das unidades didácticas impartidas ata o momento da avaliación considerando como peso o tempo real adicado a cada unidade didáctica. É dicir, considerando nota a nota da unidade i e h_i o número de horas adicadas á unidade i , a fórmula para calcular a nota da avaliación é $\text{suma}(\text{notai} * h_i) / \text{suma}(h_i)$, considerando que i vai dende a unidade didáctica 1 ata a última unidade didáctica avaliada nesa avaliación. A avaliación estará suspensa se a nota é inferior a 5.

- Para os cálculos anteriores se a puntuación dalgunha avaliación é inferior a 4, a nota será a nota suspensa máis próxima á obtida mediante o cálculo.

- Ao final do curso, e previo ó periodo destinado a actividades de recuperación, os alumnos suspensos poderán presentarse a unha proba de recuperación que versará sobre todos os contidos do módulo. A proba realizarase por bloques, correspondentes a cada unha das actividades de avaliación globais realizadas. Cada alumno só terá que presentarse, de forma obrigatoria, aos bloques correspondentes ás probas suspensas (ou aquelas nas que sacando mais de 4 non puido compensar coas outras probas do trimestre).

- A nota final ou cualificación final calcularase realizando a media das notas das tres avaliacións, a condición de que estean todas as avaliacións aprobadas (unha cualificación igual ou superior a un 5). En caso de haber algunha avaliación suspensa, a nota máxima que poderá recibir o alumno será un 4, aínda cando a media das tres avaliacións iguale ou supere o 5. Se a nota media das tres avaliacións é menor que 5, esa será a nota final do módulo.

- O alumno, no caso de nota final suspensa, só poderá presentarse a unha proba final extraordinaria e a cualificación desta proba (detallada no apartado 6.b) será a nota final definitiva.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación consistirán na resolución por parte do alumno dunha serie de prácticas que lle serán propostas. A realización destas prácticas será optativa.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para estes alumnos así como para aqueles que, sin perder o dereito a avaliación continua, non conseguiron aprobar a asignatura mediante as probas realizadas ó longo do curso contéplase a realización dunha proba final. Para superar o módulo estes alumnos deberán alcanzar unha nota igual ou superior a 5 en todos e cada un dos bloques correspondentes ás avaliacións (no caso dos alumnos que non teñen perda de dereito a avaliación continua só terán que presentarse ás avaliacións suspensas. Os alumnos con perda de dereito a avaliación continua terán que presentarse a todas as avaliacións). A nota da proba suporá o 100% da cualificación por cada bloque. No caso dalgún bloque suspenso considerarase suspenso ó módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será realizado mediante a aplicación de seguimento de programación.
Para a avaliación da práctica docente empregárase as enquisas realizadas ao alumnado.

Ao final de cada trimestre na reunión de departamento establecerase un punto na orde do día para facer un seguimento específico das distintas programacións ao longo dese trimestre, tomando nota das incidencias detectadas así como das decisións que se adoptan ao respecto.

Ao final do curso o departamento fará unha valoración global do grao de cumprimento da programación e establecerá un plan de mellora para o vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as incidencias educativas, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
 - b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
 - c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
 - d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
 - e) Da experiencia profesional previa.
 - f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
 - g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
- O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- O alumnado que accede aos ciclos formativos e un alumnado moi diverso, e por iso as actividades do curso adáptanse as características do alumnado que haxa en cada momento.
- As medidas de reforzo educativo terán como obxectivo potenciar aqueles coñecementos e procedementos, englobados nos contidos mínimos esixibles, que non foron superados polos alumnos nas diferentes probas de avaliación e recuperación desenvolvidas ao longo do curso.
- Para iso propónse:
- a) Exercicios específicos para os alumnos que non alcancen os contidos mínimos esixibles.
 - b) Exercicios de consolidación para os alumnos que habendo alcanzado os contidos mínimos teñan certas dificultades nalgún dos contidos ou procedementos.
 - c) Estes exercicios serán variables en canto á forma e o fondo, segundo a unidade didáctica de que se trate, e tratarán de fomentar no alumnado o desenvolvemento da creatividade e da lóxica.
 - d) As medidas de reforzo da parte procedimental da unidade didáctica consistirán na resolución de supostos con unha metodoloxía distinta e máis secuenciada. Estes supostos serán resoltos polo alumno coa axuda do profesor.
 - e) As medidas de reforzo da parte conceptual da unidade didáctica consistirán no repaso dos conceptos por parte do alumno e coa axuda do profesor que fará propostas de cuestionarios sobre a materia, que o alumno debe cumprimentar.
- Todas estas tarefas terían que estar supervisadas e orientadas polo profesor.
- Ademais disto teranse en conta posibles discapacidades dos alumnos, e tomaranse as oportunas medidas para facilitar a adecuada incorporación á vida académica.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

- Todas e cada unha das actividades realizadas, han de ter en conta os temas transversais que son un conxunto de contidos de ensino que fomenten uns valores na educación e unha serie de actitudes de forma constante o longo do curso. Estes temas soen ser de actualidades, así como interesantes e necesarios para a súa correcta e beneficiosa incorporación na vida laboral e con elo potenciando o respecto cara os demais.
- Ao longo do desenvolvemento do módulo se tratan contidos referentes a ensinanzas transversais como poden ser:
- Igualdade de xénero, formando grupos de traballo de diferentes sexos e ambientes sociais.
 - Educación medioambiental, minimizando o uso de ferramentas tóxicas para a natureza.
 - Respecto os materiais empregados: implantando normas e consellos no uso de ordenadores e diferentes utilidades informáticas.

- Hixiene persoal e do recinto habitado.
- Educación cívica e moral.
- Puntualidade e asistencia.
- Cooperación na superación de dificultades do grupo.

"No transcurso das unidades realizaranse traballos e prácticas en grupos.

Os grupos creados escolleranse en función da capacidade de cada un dos compoñentes para así poder traballar a educación en valores, concretamente a educación para a convivencia, prestando especial atención á prevención da violencia de xénero, e de calquera forma de violencia, racismo, xenofobia ou calquera outro tipo de discriminación en función de xénero, raza, relixión ou orientación sexual."

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Todas aquelas actividades que estableza o departamento a principio de curso

Entre elas, podemos destacar

- Charla redes e seguridade: impartida por un profesional que traballa no tema
- Visita a un CPD dunha empresa de A Coruña.
- Visita a un CPD dunha empresa de Santiago.
- Charla exalumnos.

10.Outros apartados

10.1) Aula virtual, caso de illamento ou confinamento

Dende o primeiro día, o alumnado está matriculado e traballando cos contidos e actividades colgados na Aula Virtual do centro.

Se nalgún momento é preciso o illamento ou confinamento de parte ou a totalidade de alumnado ou do propio profesor, é posible seguir a traballar dende as propias casas, dado que tan só fai falta conexión a internet, a ferramenta de virtualización VirtualBox e ova's das máquinas virtuais coas que traballamos.

Os exames no caso de confinamento serán realizados a través da aula virtual.